

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Nº 96

ano 16

setembro - outubro 2022

125º ANIVERSARIO DE EDUARDO BLANCO AMOR


O 16 de marzo de 1948 **Eduardo Blanco Amor** remítíaa dende Bos Aires unha carta a Vicente Risco na que lle reiteraba a petición de fotografías da catedral de Ourense para ilustrar as tapas da súa primeira novela, escrita en castelán, *La catedral y el niño*. A editorial argentina de **Santiago Rueda** ía lanzala ao mercado no mes de maio dese mesmo ano e, polo tanto, nesas datas estaba en fase dunha segunda corrección -as “galeradas de prueba” aludidas no texto- previa á impresión final do libro. É por iso que se advirte no remitente un ton de desacougo, que as posdatas nas marxes acentúan. O contido do papel dá noticia dunha misiva anterior non respondida por **Vicente Risco**, ao que Blanco Amor tenta chegar por medio de colegas comúns, como o sacerdote e intelectual ourensán **Antonio Rey Soto**, do que tampouco obtén novas. Todo iso provoca un certo desencanto en Blanco Amor, que expresa con toda franqueza a mágoa que lle produce sentir que os seus amigos ourensáns parecen telo esquecido.

A relación entre Blanco Amor e Risco remóntase á etapa de formación do primeiro, que asistiu ás leccións do mestre na Escola Normal de Ourense e participou, xunto con outros intelectuais, no faladoiro presidido por don Vicente no café *Royalti*. O propio Risco publicará con asiduidade en *Terra* e *Céltiga*, revistas que codirixirá Blanco Amor durante a súa primeira estada en Bos Aires na década de 1920. A **correspondencia** entre ambos os dous literatos foi abundosa e mantida no tempo. Risco considerará ao seu discípulo un magnífico axente da causa galeguista na emigración, e despois no exilio. A través do mestre, Blanco Amor infórmase a distancia sobre a situación política, social e artístico-literaria de Galicia.

No relativo á petición de Blanco Amor, cómpre salientar que el mesmo desenvolveu unha constante afección pola **fotografía**, tanto artística coma documental. Nesta carta aparecen mencionados dous dos principais estudos de fotografía cos que contaba daquela a cidade de Ourense: o de **Augusto Pacheco** e **Villar Foto**. O dono deste último aparece aludido na carta como “mi primo Vilar”, en referencia a Leopoldo Iglesias López, natural de Vilar de Astrés, topónimo que escolleu para dar nome ao seu estudio cando o fundou polo 1930. Ao parecer, entre o escritor e o “señor Villar”, como era co-

ñecido na cidade, non existía ningún parentesco, pero si unha fonda amizade que propiciou que o propio autor exercese como padriño de voda do fotógrafo.

Descoñecemos se finalmente Blanco Amor obtivo as fotografías ou os bosquejos do **David** da fachada principal da catedral de Ourense que solicitaba con tanto apuro. O feito é que as tapas da primeira edición bonaerense da novela foron ilustradas cunha imaxe lateral en escorzo dos apóstolos do **Pórtico do Paraíso** que figuran na nave do Evanxeo. Pódese concluír deste feito que a petición de axuda nunca foi atendida e que, pese a todo, o seu autor non foi quen de cumprir a velada ameaza, que pecha esta carta, de utilizar imaxes de catedrais francesas como Chartres ou Dijon.



1948, marzo, 16. Bos Aires
Carta de Eduardo Blanco Amor dirixida a Vicente Risco na que lle pide o envío de fotografías da catedral de Ourense para ilustrar a sobrecuberta da súa novela *La catedral y el niño*. Papel, escritura humanística; castelán; 135 x 175 mm AHPOu, Familia Martínez-Risco, C-9745/47

Apuntamentos biográficos

Con este número de *Fronda* conmemoramos o **125º aniversario** do nacemento de Eduardo Blanco Amor (14/9/1897), un autor que viviu desdoblado entre a Galicia que o viu chegar ao mundo en Ourense e a Galicia exterior da **Arxentina**. Emigrou a Bos Aires en 1919 e voltou cunha carreira xornalística puxante na década de 1930. A Guerra Civil obrigouno a expatriarse novamente até o seu retorno definitivo nos anos sesenta.

Foi un home autodidacta e feito a si mesmo que, partindo dun berce modesto, modelou a súa traxectoria vital e intelectual en torno a dous eixos fundamentais: a defensa e difusión da identidade e da cultura galegas e a procura dunha voz literaria propia nas súas dúas linguas naturais, o galego e o castelán. Como xornalista, exerceu como editor e conferenciante e mantivo sólidas relacións coas elites intelectuais das dúas beiras do Atlántico: a **Xeración Nós**, a **Generación del 27**, e as figuras máis senlleiras da **literatura arxentina**.

Como literato cultivou con mestría os tres xéneros canónicos; pero distínguese no seu **labor narrativo**. Publicou dúas novelas en castelán: *La catedral y el niño* (1948) e *Los miedos* (finalista do Premio Nadal de 1961); así como dúas novelas en galego: *A esmorga* (1959) e *Xente ao lonxe* (1972); ademais do libro de relatos *Os biosbardos* (1962). Todas elas, na súa singularidade lingüística e de estilo, comparten unha fonda cohesión temática arredor dun mesmo universo, a cidade de **Auria**, pseudotopónimo da cidade de Ourense, vivida e rememorada na distancia.


A volta á súa cidade natal en 1963 non foi fácil porque o autor non achou a Galicia desexada. Nesta derradeira etapa mantivo a súa **actividade xornalística** tanto en Galicia como en América. Na literatura, foi o **teatro** quen o proveu de maiores satisfaccións, coa reedición de títulos do pasado, así como pola posta en escena de moitas das súas pezas da man, entre outros, da *xeración Abrente* ou das *Xornadas de Teatro de Ribadavia*. Fixou a súa derradeira residencia en Vigo, onde faleceu o 1 de nadal de 1979. Foi inhumado no camposanto ourensán de San Francisco.

La catedral y el niño: onde o mundo se chama Auria

A crítica considera esta primeira novela de Blanco Amor como unha clásica **novela de aprendizaxe**, xa que nas súas páxinas acompañamos o protagonista, Luis Torralba, na súa ardua pasaxe dende a infancia cara á primeira madurez durante dúas décadas da súa vida, entre 1895 e 1914.

Escrita en primeira persoa, o rapaz desvela sen reservas as súas conxoxas, escindido entre a adoración á súa nai e a admiración polo seu pai, que viven separados *de facto*, no seo dunha particular familia desestruturada para aquela época. A través dos ollos de Luis preséntanos unha **cidade no tránsito entre dous séculos**, ancorada en tradicións e convencións sociais atávicas, pero que deixa albiscar elementos de apertura cara a unha mentalidade progresista e máis moderna.

A novela ofrece unha visión crítica, realista e sobria de todos os **estamentos sociais de Auria/Ourense**: o fogar feminino que gorece a Luis, coa súa nai e as súas tres tías; o ambiente brután do pazo rural do seu pai e do seu tío Modesto; o mundo da servidume galegofalante arraigada ás orixes; o cosmos inescrutable do cabido catedralicio, coas súas figuras positivas e negativas; a intelectualidade local, algo papana, que se reúne nas “reboticas” ou nos faladoiros dos cafés... Este universo case inmutable confróntase coa figura do emigrante retornado, testemuña viva dunha promesa de mellora social, e provisto dunha visión cosmopolita, aberta e obxectiva da vida e das xentes.



Sobrecuberta da primeira edición de *La catedral y el niño*, editada en Bos Aires no ano 1948 polo editor Santiago Rueda.

Os **trazos autobiográficos** resultan máis que patentes. A maior parte da obra narrativa de Blanco Amor susténtase nas experiencias da nenez, pero o autor non ofrece unha visión idealizada da infancia na paisaxe da terra de orixe, como fixeron outros autores da literatura escrita dende o exilio.

La catedral y el niño transita **estilisticamente** entre o carácter máis requintado e barroquizante do principio, propio do Realismo do XIX, que se depura paseniño cara a unhas formas máis novecentistas e na liña da *Generación del 98*. A súa outra novela en castelán, *Los miedos*, inscríbese dentro deste novo enfoque. A visión da Auria burguesa que nos ofrecen ambas novelas, acaso un tanto “esquecidas”, pode completarse co contrapunto de *Xente ao lonxe*, narrada dende unha perspectiva proletaria e coas innovacións de estilo propias do seu momento.

Texto: Alfredo Conde Mariñas. DL O 67/2006; ISSN 2659-3491